

O ANTIGO RÉXIME

Xeografía e Historia

VERDADEIRO OU FALSO?

A Europa do antigo Réxime presentaba un réxime demográfico antigo caracterizado por unha natalidade e unha mortalidade moi elevadas.

V/F

Os campos abertos ou openfiel eran grandes extensións de terreo sen valados dedicadas a cultivos diversificados.

V/F

Os campos pechados ou bocage
eran parcelas pequenas sen
valados, nas que se cultivaban
produtos diversos.

V/F

Os señoríos territoriais eran posesións na que o señor posuía a propiedade da terra e nas que os campesiños debían pagar unhas rendas pola explotación das parcelas.

V/F

Algúns campesiños da época do Antigo Réxime tiñan a obriga de traballar gratis as terras do señor.

V/F

O campesinado do Antigo Réxime tiña que entregar ao clero o décimo eclesiástico, que consistía na entrega da décima parte das terras dos campesiños.

V/F

Os gremios controlaban aspectos da actividade artesanal do Antigo Réxime como a cantidade de materias primas que debían comprarse, o número de artesáns, as zonas de venda ou o prezo final do produto.

V/F

Os Países Baixos, o norte de Francia e o sur de Inglaterra apenas experimentaron unha modernización da súa economía durante o século XVII.

V/F

Os domestic system era un sistema de traballo polo cal os campesiños mercaban as materias primas para fabricar artigos que vendían libremente durante os meses de descanso agrícola.

V/F

As manufacturas reais ou reais fábricas eran fábricas que patrocinaron algúns Estados europeos do século XVIII.

V/F

Os campesiños europeos da época do antigo Réxime non tiñan acceso ás terras de propiedade comunal, porque estas pertencían á nobreza ou ao clero.

V/F

O comercio interior na época do Antigo Régime desenvolvíase en feiras semanais e mercados anuais.

V/F

Os señoríos xurisdicionais eran posesións nas que a xustiza, o nomeamento dos cargos ou o cobro de impostos correspondían ao rei.

V/F

Algúns países experimentaron
unha expansión continua da
poboación.

V/F

Os señoríos eran de propiedade comunal que traballaban os señores laicos e eclesiásticos.

V/F

Algúns Estados europeos conquistaron territorios fóra de Europa e crearon grandes imperios cos que estableceron monopolios de comercio que estaban controlados por grandes compañías privilexiadas.

V/F

Os países de Europa occidental
tiñan unha economía industrial
durante a época do antigo
Réxime.

V/F

A nobreza e o clero constituían unha minoría da poboación do Antigo Réxime e posuían privilexios como dispoñer unicamente da súa forza de traballo para sobrevivir.

V/F

A maioría dos sacerdotes, freires e monxas, que vivían de forma moi modesta, pertencían ao baixo clero.

V/F

O clero secular estaba composto por monxes e monxas, abades e abadesas e outros membros das ordes monásticas e relixiosas.

V/F

A xente do común no Antigo Réxime posuía privilexios como non pagar impostos directos ou ter leis e tribunais propios.

V/F

Moitos burgueses conseguiron ascender na sociedade do Antigo Réxime a través do matrimonio con membros da nobreza.

V/F

A xente das familias máis ricas e poderosas, para as que se reservaban os altos cargos do Exército e da Administración, formaban parte da aristocracia.

V/F

A burguesía época do Antigo
Réxime dispoñía de privilexios
xurídicos e económicos.

V/F

Algúns campesiños na época do Antigo Réxime eran servos, polo que non pertencían ás terras do señor e podían abandonalas en calquera momento.

V/F

Algúns campesiños na época do Antigo Réxime eran servos, polo que non pertencían ás terras do señor e podían abandonalas en calquera momento.

V/F

Os reis das monarquías absolutas dirixían persoalmente o goberno sen necesitar o consentimento de asembleas representativas.

V/F

A xustiza nos Estados das
monarquías absolutas do Antigo
Réxime era impartida
exclusivamente polo rei.

V/F

Os reis do despotismo ilustrado formularon unha política de reformas baseadas nas ideas da Ilustración para resolver os graves problemas económicos e sociais que sufrían os seus países.

V/F

As Provincias Unidas e Inglaterra contaron no século XVII con réximes parlamentarios nos que as clases medias lograron participar no exercicio do poder político.

V/F

Os reis das monarquías absolutas tiñan limitada a práctica do poder absoluto porque a poboación obedecería máis ás autoridades locais ca un soberano afastado ao que nunca vían.

V/F

A Ilustración tiña como idea básica o uso da razón e da liberdade como instrumentos de emancipación persoal e intelectual do ser humano.

V/F

A Ilustración mostraba desprezo pola economía e o progreso material ao non consideralos esenciais para acadar a felicidade do ser humano.

V/F

Moitos ilustrados criticaron abertamente a relixión porque consideraban que negaba a razón e que era instrumento de fanatismo e intolerancia.

V/F

Os reis das monarquías absolutas tiñan un control absoluto sobre as tarefas de goberno ao contar cunha Administración suficiente e con funcionarios cualificados.

V/F

John Locke foi un pensador e filósofo inglés do século XVII que consideraba que os seres humanos son libres e iguais por natureza, e que para eliminar eses principios era preciso un dereito político baseado nun pacto social.

V/F

A supremacia marítima no século XVIII disputá-bana países como Espanha e Austria.

V/F

O barón de Montesquieu defendeu a división dos poderes do Estado entre o poder lexislativo, que correspondía ao rei, o poder executivo, que estaba en mans do Parlamento, e o poder xudicial, que debía ser independente.

V/F

As asembleas representativas que existían no Antigo Réxime, como as Cortes, os Parlamentos ou os Estados Xerais eran organismos democráticos que representaban á maior parte da poboación.

V/F

As Provincias Unidas instauraron unha república tras a rebelión contra a dominación española, formada por sete provincias, cada unha co seu propio Parlamento.

V/F

Os reis das monarquías absolutas mantiveron o poder e a autonomía dos señores feudais, dos gremios, da Igrexa ou de moitos funcionarios poderosos.

V/F

O despotismo ilustrado aplicou
uma política de reformas para
cambiar a sociedade e as
estruturas do Antigo Régime.

V/F

Jean-Jacques Rousseau defendia que o ser humano é bom por natureza, mas a sociedade corrompe e converte-o num ser insolidário.

V/F